



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

METEOGALICIA

Informe climatolóxico

Mes de setembro 2009

INFORME CLIMATOLÓXICO

MES DE SETEMBRO 2009



1.- Resumo

Mes moi seco con temperaturas máximas por riba da media.

Durante o mes de Setembro, as condicións meteorolóxicas sobre Galicia foron durante moitos días anticiclónicas, o que fixo que sobre todo, en canto a precipitacións, quedaran moi por debaixo da media. As temperaturas, especialmente a media das máximas, situouse por riba dos valores climáticos. Tras un mes de xullo moi húmido e frío en toda Galicia e un mes de agosto no que recuperamos a normalidade, o último mes do verán chamou a atención polos longos períodos anticiclónicos. Aínda así, o mes empezou cunha borrasca profunda nas proximidades das Illas Británicas, que chegou a afectar á comunidade cunha fronte asociada. A partir do día 4, e ata o día 16, estivemos baixo o radio de acción do anticiclón das, acompañado en altura por unha dorsal que emerxía dende o norte de África, responsable da suba das temperaturas. Como exemplo, Ourense rexistrou o día 8 unha temperatura máxima superior ós 36°C. Este anticiclón fíxose forte en Centro-Europa, formando un bloqueo que impedía ás perturbacións descender de latitude e afectar á Europa máis meridional, agás algunhas bolsas de aire frío que se descolgaron polo Mediterráneo Oriental. A partir do día 11, as altas presións trasladáronse sobre as Illas Británicas. Isto foi a causa do cambio de tempo que experimentamos entre os días 16 e 20, xa que os ventos do nordés arrastraron unha masa de aire máis frío e o que foi máis importante, unha perturbación illada nos niveis altos da atmosfera dende o centro do continente, que provocou precipitacións na comunidade, algunhas delas intensas, como as do día 17, no que se rexistraron 21.7 mm en Ferrol. Ademais, neste período, as temperaturas descenderon de xeito notable, acadando como valor máximo máis baixo de todo o mes a cidade de Lugo con 16.1 °C o día 17. A partir do día 20 o anticiclón volveu entrar sobre a península Ibérica, sen rexistrarse precipitacións durante os últimos días do mes e experimentado una suba das temperaturas máximas, que se achegaron ata os 30°C en algunhas zonas de Galicia. Este tempo foi moi contrastado co sufrido no sur e especialmente no leste de España, onde se localizou un embolsamento de aire frío que provocou inundacións en moitos puntos do Levante.

Temperaturas: Temperaturas cálidas en xeral, principalmente no que respecta as máximas e as mínimas rexistradas nas principais cidades galegas.

Chuvias: Mes caracterizado por unha precipitación moi inferior ao agardado con tan só catro días de chuvia en xeral. Destaca a zona de Ourense cidade na que non se rexistrou precipitación superior a un litro neste mes.



2.- Táboas de datos

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras (CMATI) (CIS Ferrol, Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense-Ciencias) cos valores climáticos para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-estación completa/ Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET, e Lourizán, da CMATI), no período 1973-2003.

O valor climático corresponde co promedio destes 31 anos, para o mes considerado. Móstrase tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou:

As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou l/m²).

O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.

CIS FERROL

	SETEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.1	18.3	19.8 (1987)	16.8 (1974)
Tª mínima media	15.5	15.0	16.3 (1987;90)	13.7 (1974)
Tª mínima absoluta	11.1 (día 21)	9.0 (29/09/1974)		
Tª máxima media	24.0	21.6	23.4 (1987;03)	19.7 (1993)
Tª máxima absoluta	30.0 (día 23)	31.4 (16/09/1978;15/09/1980)		
Precipitación acumulada	38	49-84	147 (1975)	3 (1997)
Días de chuvia (≥1mm)	5	8	16 (1994)	1 (1985)

Comentario:

Mes cálido en canto as temperaturas media e mínima e moi cálido en canto a temperatura máxima con dous grados mais que o valor medio climático.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao valor agardado polo que o mes considérase seco. O número de días de choiva tamén é inferior ao agardado.



SANTIAGO

	SETEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS*	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	18.0	18.2	21.1 (1985)	15.9 (1993)
Tª mínima media	13.2	13.1	14.6 (1987)	11.8 (1992;94)
Tª mínima absoluta	9.5 (día 21)	3.6 (30/9/1982)		
Tª máxima media	24.7	23.4	28.0 (1985)	19.9 (1993)
Tª máxima absoluta	31.9 (día 8)	37.5 (6/9/1988)		
Precipitación acumulada	15	68-137	263 (1999)	7 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	4	9	17 (1993)	1 (1985)

Comentario:

Tendo en conta a temperatura máxima o mes pódese considerar cálido. En canto as temperaturas mínimas e media o mes é normal.

A cantidade de chuvia rexistrada é moi inferior ao agardado, así como o número de días de chuvia. O mes considérase moi seco.

* valores climáticos calculados excepcionalmente nesta serie dende 1982.

** hai que ter en conta que os valores climáticos cos que se comparan os datos desta estación foron obtidos cun período máis cálido que o do resto dos casos (1973-2003)

LUGO

	SETEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	16.7	17.3	21.2 (1987)	14.1 (1995)
Tª mínima media	10.8	11.6	14.5 (1987)	9.3 (1974; 76;95)
Tª mínima absoluta	8 (día 7)	3.0 (30/09/74; 18/09/77)		
Tª máxima media	24.5	23.0	27.8 (1987)	18.9 (1995)
Tª máxima absoluta	34.8 (día 8)	39.0 (07/09/1988)		
Precipitación acumulada	7	49-73	178 (1975)	0 (1985)
Días de chuvia (≥1mm)	3	7	16 (1995)	0 (1985)

Comentario:

Mes frío no que respecta ás temperaturas mínimas e normal en canto ás temperaturas medias. Tendo en conta as temperaturas máximas o mes é cálido.

A precipitación rexistrada é inferior do rango normal así como o número de días de choiva polo que o mes considérase moi seco.



PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

	SETEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	19.0	18.3	20.7 (1985)	15.4 (1974)
Tª mínima media	13.8	12.7	14.3 (1990)	10.9 (1974)
Tª mínima absoluta	10.4 (día 20)	3.7 (29/09/1974)		
Tª máxima media	25.9	23.9	27.5 (1985)	20.0 (1974)
Tª máxima absoluta	30.1 (día 23)	34.6 (06/09/1983; 06/09/1988)		
Precipitación acumulada	18	79-120	267 (1975)	4 (1989)
Días de chuvia (≥1mm)	3	8	16 (1993)	1 (1988,85)

Comentario:

Mes normal no que respecta ás temperaturas medias, aínda que respecto ás temperaturas máximas e mínimas o mes pode considerarse cálido, con máis dun grado por riba do valor climático.

A precipitación rexistrada é moi inferior ao normal e o número de días de chuvia é menos da metade do número agardado. O mes pode considerarse moi seco.

OURENSE

	SETEMBRO 2009	VALORES CLIMÁTICOS	valor máximo da serie	valor mínimo da serie
Tª media	20.1	19.6	22.4 (1985)	16.4 (1974)
Tª mínima media	13.4	12.4	14.8 (1981)	9.2 (1974)
Tª mínima absoluta	9.6 (día 18)	3.0 (29/09/1974)		
Tª máxima media	28.1	26.8	31.9 (1985)	23.1 (1993)
Tª máxima absoluta	36.4 (día 8)	39.8 (07/09/1988)		
Precipitación acumulada	0.2	36-68	229 (1999)	5 (1983;97)
Días de chuvia (≥1mm)	0	6	12 (1993)	1 (1988)

Comentario:

Mes cálido en canto as temperaturas máximas e mínimas con máis dun grao por riba do valor agardado destacando as máximas. Normal en canto ás medias.


Neste mes as precipitacións foron case nulas, polo que o mes considérase extremadamente seco.



3.- Mapas

3.1.- Anomalías de presión en superficie


Anomalías de presión a nivel medio do mar
Setembro de 2009






3.2.- Anomalías de xeopotencial a 500 hPa

Anomalías de xeopotencial de 500 hPa.
Mes de Setembro de 2009





3.5.- Chuvia acumulada (litros/m²)



Chuvia -- 09/2009

www.meteogalicia.es